

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 09/02/2026
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

PAOLA MARIA MOCHALES

SONIA OUTÓN CASAL

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

CARLOS COIRA LOJO

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

Lista de non asistentes

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

JULIO FONTAÍÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:00 horas do día 09/02/2026 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 02 de febreiro 2026, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2026/0368

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria de los Angeles Cifuentes Maneiro, en representación da Asociación Protectora de Animais de Vilagarcía de Arousa, solicitando autorización para instalar unha carpa na esquina da Rúa do Río e A Baldosa, o día 14 de febreiro de 2026, para captación de socios.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2026/0369

Dáse conta do escrito presentado por Dona Ivanessa Gens Blanco, solicitando autorización para instalar un posto de venda de rosquillas os días 15 e 17 de febreiro de 2026, na Alameda (Avda. da Mariña), con motivo da celebración do Entroido.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada

actividade.

- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2026/0372

Dáse conta do escrito presentado por D. Carlos Godoy Casallerrey, en nome de Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines Amencer - Aspace, solicitando autorización para celebración da terceira edición do Festival Solidario Solifest na Rúa Camilo José Cela, o día 19 de abril de 2026, en horario de 11:00 a 23:00 horas e solicitan o corte do paso de vehículos, así como a colaboración municipal de distintos servizos (subministro eléctrico, tarima de 6 x 4 metros, mesas de 3x3 metros, etc) así mesmo solicitan a instalación dunha carpa que cubra a intersección da Rúa Camilo José Cela e valos necesarios para o corte de tráfico.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda conceder autorización para o solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- O corte do paso de vehículos entre o venres 17 ao luns 20 de abril de 2026 na intersección entre as rúas Porto Rey e Alvaro Cunqueiro con Camilo José Cela, para a instalación e desmontaxe da carpa.
- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2026/0374

Dáse conta do escrito presentado por Asociación de Comerciantes Zona Aberta, solicitando autorización para levar a cabo a XX Edición da Feira de Oportunidades "Expoferta Zona Aberta 2026", os días 6, 7 e 8 de agosto de 2026 na Praza da II República, sendo necesaria a ocupación da Praza do 4 ao 10 de agosto de 2026, con motivo da montaxe e desmontaxe das carpas e stands.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2026/0375

Dáse conta do escrito presentado por Dona Laura Sánchez Barros, solicitando autorización para colocar música ou un altavoz na terraza do bar "As Tapas de Laura Alegría" sito en arzobispo Gelmírez nº36, o día 14 de febreiro de 2026, en horario de 20:00 a 01:00 horas.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder autorización, en horario ata as 12 da noite horas, debendo axustarse ás seguintes condicións:

Así mesmo concedese autorización para a pulpeira para os mesmos días autorizados para a música e no horario solicitado.

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2026/0379

Visto o oficio remitido polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, de data 29 de xaneiro de 2026, relativo á resolución ditada con data 26 de xaneiro de 2026, na peza separada de impugnación de costas do Procedemento Abreviado nº 373/2023, sendo reclamante D. Jorge Juan Araujo Gomez, polo que se require a este Concello para que, no prazo de dez (10) días, proceda ao pagamento da cantidade de catrocentos oitenta e catro euros (484 €), importe ao que ascende a tasación de costas aprobada por Decreto de data 27 de novembro de 2024, ditado no citado procedemento, resolución firme, baixo apercibimento de que, no caso de non efectuarse o pagamento no prazo concedido, se procederá á súa exacción pola vía de constrinximento.

A Xunta de Goberno Local acorda:

- Dar cumprimento ao disposto no citado Decreto, procedendo ao pagamento da cantidade de 484 €, en concepto de costas procesuais do Procedemento Abreviado nº 373/2023, mediante ingreso na conta de consignacións do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 de Pontevedra, con cargo á partida 920.22604.

Concepto: 35970000050002/2026.

PRP2026/0353

Dáse conta de informe do Servizo de Vías Públicas, no que se indica que o pavimento de diversas vías do termo municipal presenta un estado deficiente, con deterioros significativos e a presenza de fochancas en múltiples puntos, afectando, entre outras, á rúa Valle-Inclán, á avenida Rodrigo de Mendoza e a distintas rúas das parroquias de Carril e Vilaxoán, situación agravada polas fortes chuvias rexistradas nos últimos meses, circunstancia que compromete a seguridade viaria e incide negativamente na fluidez da circulación.

En consecuencia, considérase necesaria e urxente a execución de actuacións de reparación e mellora do firme, co obxecto de restablecer condicións adecuadas de seguridade e uso para os condutores das devanditas vías.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A (COVSA) con CIF: A-36.008.886, o subministro de mestura bituminosa quente tipo D-12 e emulsión bituminosa ECR-2 en planta, para a reparación e asfaltado de vías públicas nas localizacións anteriormente sinaladas, así como noutros puntos que se detecten ao longo do exercicio, por un importe total de 14.930,00 € + 3.135,30 € I.V.E. = 18.065,30 €. (IVE incluído), con cargo á partida 1530.22199, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/0354

Dáse conta de informe do Servizo de Vías Públicas, no que se indica que o pavimento de diversos camiños rurais presenta un estado deficiente, con deterioros significativos e a aparición de fochancas en múltiples puntos, afectando especialmente a vías situadas nas parroquias de Faxilde, Galáns, Renza, Bamio, Aralde e Solobeira, situación agravada polas fortes chuvias rexistradas nos últimos meses. Esta situación compromete a seguridade viaria e repercute negativamente na fluidez da circulación.

Por este motivo, considérase imprescindible proceder á súa reparación mediante actuacións de asfaltado de carácter urxente, co obxecto de garantir unhas condicións adecuadas de uso e seguridade para as persoas usuarias destes camiños.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S..L. con CIF: B-36533537, o Subministro de aglomerado asfáltico tipo AC16 e emulsión asfáltica (ECR-2) en planta, para a reparación e asfaltado de camiños veciñais nas localizacións anteriormente sinaladas, así como noutros puntos que se detecten ao longo do exercicio, por un importe total de 14.993,65 € + 3.148,67 € I.V.E. = 18.142,32 €. (IVE incluído), con cargo á partida 454.22199, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/0355

Dáse conta de informe do Servizo de Vías Públicas, no que se indica que o citado servizo dispón de diversos vehículos e maquinaria para a realización de reparacións de saneamento, augas pluviais e fochancas no municipio, tales como camións, palas, dumpers e rodillos compactadores. Nembargante, en determinadas ocasións, estes medios resultan insuficientes, xa sexa debido á antigüidade da maquinaria, que provoca frecuentes avarías, ou ás propias necesidades do servizo. Ademais, a partir do 1 de abril, incorporárase ao departamento un equipo composto por 12 albaneis, 6 pintores e 1 fontaneiro no marco do PLAN MÁIS PROVINCIA, o que suporá un incremento significativo da demanda desta maquinaria.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U. con CIF: B-94101946, por un importe total previsto de 14.972,46 € + 3.144,22 € I.V.E. = 18.116,68 €. de para aluguer por hora de distintos vehículos e maquinaria para complementar os medios existentes no servizo, co obxecto de garantir a reparación inmediata das constantes avarías de saneamento, pluviais e fochancas nos puntos onde se detecten incidencias.durante o exercicio 2026, con cargo á partida 160.203.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/0383

Vista a solicitude de Dona Cinta Reboredo Leiro, en representación de ANPA DR. FLEMING e visto o informe da Policía Local acórdase autorizarlle o uso da Praza da Peixería, o día 20 de febreiro de 2026, para a realización dunha Festa de Entroido, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras

instalacións do Concello.

Comunicaselle que será por conta do solicitante o control do aforo da instalación municipal solicitada.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

RECURSOS HUMANOS

PRP2026/0398

Vista a proposta do Negociado de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa Galivalia Consulstgo SLU, o contrato menor de servizos consistente en "SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RPT DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA". Incluindo a asistencia presencial a todas as reunións, mesas de negociación, así como a elaboración dos informes e/ou ditames que sexan precisos para levar a cabo a modificación puntual da RPT, aos efectos de integrar dentro do complemento específico o complemento de nocturnidade e proceder a unha nova valoración dos postos afectados, por un importe total de 4.840,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2026/0352

Vista a proposta dos Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor para a Realización audiovisual (videoconferencia) por internet e produción para a emisión privada, así como o equipo técnico para a celebración do VIII- CONGRESO INTERNACIONAL IN-XURGA-2026, que se vai a realizar en febreiro de 2026, á Empresa EMITIMOS SL (B42719187), por un importe total de 4.779,50,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 231.22610, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

EMPREGO

PRP2026/0304

Coa intención de planificar unha Vilagarcía cara ao futuro, elaborouse a Estratexia Urbana Vilagarcía 2030 -Estratexia de Desenvolvemento Integrado EDIL-, folla de roteiro para as políticas locais que promoven un crecemento sostible, tanto económico como social respectuoso cos valores ambientais e resiliente fronte ao cambio climático.

O Plan de Actuación Integrado CONTRUYENDO VILAGARCÍA: INNOVACIÓN, INCLUSIVIDAD E SUSTENTABILIDADE foi sometido a consideración do Pleno da Corporación e aprobado en sesión do 27 de febreiro de 2025, incluíndo as actuacións seguintes:

- Centro Integral de Servizos Sociais de Vilagarcía: Modernización e Accesibilidade para unha Atención Eficiente. Orzamento estimado: 899.937,00€
- Vilagarcía Activa: Impulso do Turismo Deportivo (ampliación da piscina): Orzamento estimado: 3.184.114,33€
- Veiga do mar: Transformación Integral do Espazo Público. Orzamento estimado: 900.000,00€
- Carril: Rehabilitación e Humanización do Espazo Urbano. Orzamento estimado: 800.000,00€

- Mobilidade Sostible: Impulso á conectividade eficiente e ecolóxica. orzamento estimado: 688.801,00€

En data 22 de xaneiro de 2026 por parte da Subdirector Xeral de Desenvolvemento Urbano notificouse ao Concello de Vilagarcía aviso de publicación da resolución definitiva de axuda de FEDER para financiamento de plans EDIL.

Por resolución do 16 de xaneiro de 2026 da Dirección Xeral de Fondos Europeos resólvese definitivamente a convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER. Na devandita resolución asígnase á comunidade autónoma de Galicia unha axuda FEDER de 173.800.903 Euros.

Para o desenvolvemento do Plan de Actuación Integrado CONTRUYENDO VILAGARCÍA: INNOVACIÓN, INCLUSIVIDAD E SUSTENTABILIDADE, concedeuse ao Concello de Vilagarcía de Arousa, como Organismo Intermedio Lixeiro, unha asignación de senda FEDER de 3.872.912,00 Euros, equivalente a unha taxa de cofinanciamento do 60% do investimento proposto (6.454.853,00 Euros), debendo aportar o Concello a cuantía de 2.581.941,00 €

A Subdirección Xeral de Desenvolvemento Urbano da Dirección Xeral de Fondos Europeos do Ministerio de Facenda actuará como Organismo Intermedio de Xestión.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2026/0307

Dase conta pola Área de Emprego da comunicación de AMTEGA da sinatura da V Addenda ao convenio de colaboración entre a Axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios para a xestión do plan de reforma e ampliación da rede cemit, cara a plena capacitación dixital da sociedade galega 2022-2025.

Este addenda ten por obxecto prorrogar a vixencia do vixente convenio por un período de 4 anos rematando a súa vixencia o 31 de decembro de 2029, así como modificar as cláusulas segunda e sexta do Anexo I do Convenio.

O 30 de setembro de 2022 asinouse o Convenio de colaboración entre AMTEGA e a FEGAMP para a xestión do Plan de Reforma e Ampliación da Rede das aulas CEMIT, cara a plena capacitación dixital da sociedade galega.

No apardado 1 da cláusula segunda do convenio “niveis de actividade e proceso para ser aula de referencia” establécese que a formación propia da aula poderá complementarse coas propostas de AMTEGA, pero en ningún caso sustituírse coa realización de actividades externas organizadas por terceiros. A non existencia de cursos de formación propios da aula ou impulsados pola AMTEGA poderá ser causa da perda da condición de aula de referencia.

No apartado 3.1 “Pagamento ás entidades locais con aula de referencia” establece que será requisito para a obtención de subvención que as entidades locais teñan cumprido có deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio. Para estes efectos AMTEGA comprobará regularmente o cumprimento desta obriga, quedando excluídas de subvención aquelas que con data 15 de abril de cada anualidade, non teñan remitido ao Consello de Contas, as súas contas xerais correspondentes ao exercicio previo ao exercicio anterior.

No apartado 3 “Para a xestión da incorporación de novas aulas á Rede CEMIT”, engádese que debe colaborar con AMTEGA na verificación dos requerimentos fixados por esta e difundir a iniciativa entre todos os Concellos de Galicia a través da FEGAMP.

Modifícase o Anexo I de requerimento para solicitar unha aula CEMIT.

O convenio determina os supostos nos que as aulas dos Concellos que integran a Rede CeMIT teñen a consideración de aulas de referencia. A consideración de aula de referencia será establecida por resolución da dirección da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia. Aqueles concellos que teñan o recoñecemento de aula de referencia se lles concederá unha subvención cuxo importe máximo subvencionable é o establecido na cláusula oitava do convenio.

Infórmase tamén da renovación da condición de aula de referencia da aula CEMIT do Concello de Vilagarcía.

Na data 26 de decembro de 2025 tivo lugar a Comisión de Seguimento Ordinaria do Convenio de Colaboración a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) e a Federación Galega de Municipios e Provincias, na devandita comisión propúxose o mantemento da consideración como aula de referencia a aula CEMIT do Concello de Vilagarcía para o ano 2026,

coas consecuencias inherentes a tal condición.

Sendo unha destas condición o mantemento da subvención de 15.000€ para o desenvolvemento das actuacións que se realicen en materia de inclusión dixital na aula de referencia CEMIT do concello, na anualidade 2026.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2026/0327

Vista a acta do fallo do xurado emitida o 12 de xaneiro de 2026 e visto o informe favorable da área de Promoción Económica.

Vista a base novena da convocatoria do concurso de decoración de Nadal 2025, na que se establece que a entrega das cantidades outorgadas en concepto de premio quedará condicionada á non existencia de débedas do participante co Concello de Vilagarcía de Arousa, AEAT e Facenda da Comunidade Autónoma e serán no seu caso obxecto da retención fiscal que proceda de acordo coas normas tributarias.

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda:

a) Conceder os Premios correspondentes ao CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL 2025, aos establecementos que se indican:

PRIMEIRO PREMIO

VILLAGE BACKERY..... 13,9 Puntos

SEGUNDOS PREMIOS. MIKE HAIR STUDIO..... 13 Puntos

ARA SOSTIBLE.....12,95 Puntos

TERCEIROS PREMIOS

DIANA REY TIJERAS DE DISEÑO.....11,1 Puntos

IRENE GALBÁN CENTRO DE ESTÉTICA.....11,05 Puntos

b) Recoñecer a obriga de pagamento aos establecementos galardoados, polas contías que a continuación se indican, con cargo á partida orzamentaria 4311 48100, do exercicio 2026:

ESTABLECEMENTO	NIF	IMPORTE €	% RETENCIÓN	A INGRESAR €
Village Bakery SC	J94169000	595	19	481,95
ARACELI SILVA SANTOS	35466728S	395	19	319,95
MIGUEL RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	35479781G	395	19	319,95
DIANA REY FERNÁNDEZ	35465462Z	200	^^B	200
IRENE GALBAN RODRÍGUEZ	35631998F	200	^^B	200

PRP2026/0396

Dáse conta da ORDEN de 5 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, de subvencións para o impulso dunha Rede de mercados excelentes de Galicia e a dinamización e revitalización das prazas de abastos para o ano 2026.

As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto actuacións en mercados e prazas de abastos de Galicia que teñan concedido o selo de Mercado Excelente ou estean no proceso previo á súa obtención, así como a dinamización e revitalización das prazas de abastos e mercados de Galicia.

Investimento máximo subvencionable para os concellos:

Mercados e prazas de abastos con selo de mercado excelente: 140.000 €

Anualidade 2026: 70.000 Euros

Anualidade 2027: 70.000 Euros

O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes contado desde as 9.00 horas do día 2 de febreiro de 2026. Se o último día de prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non hai día equivalente ao da publicación, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

A convocatoria é de concorrència non competitiva.

De acordo co artigo 4 da Orde reguladora de subvencións para o impulso dunha rede de Mercados Excelentes de Galicia e a dinamización e revitalización das prazas de abastos para o ano 2026, propónse solicitar axuda para a realización das seguintes accións:

ANUALIDADE 2026

1 - Creación e mellora de servizos a clientela: Na procura de manter a excelencia dos mercados de abastos de Vilagarcía, continuarase a mellora de servizos á clientela, mediante a continuidade do servizo de reparto a domicilio. Segundo orzamento, que se xunta, a contía mensual da prestación do servizo é de 1.000,00 € máis IVE .

2 - Loxística e comercialización dos produtos: Continúase a afondar na mellora da mesma, mediante a adquisición de packaging sustentable propio do mercado. Dentro desta liña adquiriranse diversos tipos de bolsas reutilizables elaboradas con materiais naturais e sustentables. Segundo orzamento que se xunta, a contía desta actuación ascende a 18.145,77 € IVE engadido

3 - Accións formativas dirixidas á mellora do proceso de venda, a través de técnicas de mellora da imaxe e presentación do posto, colocación de produto e atención á clientela. Por ser favorecedoras da mellora na prestación do servizo, da experiencia de compra e mellora competitiva do sector, levaranse a cabo accións de formación fundamentalmente práctica para vendedoras e vendedores da praza de abastos baseadas na mellora da imaxe e presentación do produto. Segundo orzamento aportado polo proveedor, o custo deste servizo ascende a 2.160,00 €

ANUALIDADE 2027

1 - Creación e mellora de servizos a clientela: Na procura de manter a excelencia dos mercados de abastos de Vilagarcía, continuarase a mellora de servizos á clientela, mediante a posta en marcha dun servizo de reparto a domicilio. Segundo orzamento, que se xunta, o custo mensual desta actuación para o 2027, ascende a 1.050 € máis IVE

2 - Loxística e comercialización dos produtos: Continuarase a afondar na mellora da mesma, mediante a adquisición de packaging sustentable propio do mercado. Dentro desta liña adquiriranse diversos tipos de bolsas reutilizables elaboradas con materiais naturais e sustentables. Segundo orzamento que se xunta, a contía desta actuación ascende a 18.143,95 € IVE engadido

ORZAMENTO DESAGREGADO DE GASTOS 2026

CONCEPTO	ORZAMENTO				DATA INICIO	DATA FIN
	EXPEDIDOR	BASE IMPOÑIBLE	IVE	TOTAL		
Servizo de reparto a domicilio	CAYLU DELIVERY	12.620,00 €	2.650,20 €	15.270,20 €	15 nov 2025	4 dec 2026
Adquisición de packaging propio do mercado	SERILUA MERCHANDISING	14.996,50 €	3.149,27 €	18.145,77 €	15 abril 2026	30 outubro 2026
Accións de mentoring*	KAEME CONSULTORÍA	2.160,00 €	Exento	2.160,00 €	Mayo 2026	Sept. 2026

ORZAMENTO DESAGREGADO DE GASTOS 2027

CONCEPTO	ORZAMENTO				DATA INICIO	DATA FIN
	EXPEDIDOR	BASE IMPOÑIBLE	IVE	TOTAL		
Servizo de reparto a domicilio	CAYLU DELIVERY	11.891,66 €	2.497,24	14.388,91 €	5 de decembro de 2026	12 de novembro de 2027
Adquisición de packaging propio do mercado	SERILUA MERCHANDISING	14.995,00 €	3.148,95 €	18.143,95 €	15 abril 2027	30 outubro 2027

Tal como establece o artigo 1 da Orde reguladora, no caso dos Concellos, consideraranse subvencionables as actuacións previstas nos artigos 4, 5 e 6 das bases reguladoras, sempre que sexan realizadas e efectivamente pagadas nos seguintes períodos subvencionables:

Anualidade 2026: desde o 15 de novembro de 2025 ata o 4 de decembro de 2026.

Anualidade 2027: desde o 5 de decembro de 2026 ata o 12 de novembro de 2027.

No marco da Orde reguladora das axudas para o impulso da Rede de Mercados Excelentes de Galicia e para a Dinamización e Revitalización das prazas de abastos 2026,

A presente proposta ten por finalidade autorizar a solicitude da subvención e aprobar o proxecto e aportación municipal, sen prexuízo de que a execución do gasto requirirá a tramitación dos correspondentes expedientes de gasto e, se procede, de contratación e coa fiscalización que proceda nas fases oportunas.

A vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

a) Aprobar a solicitude de subvención por contía de 29.132,77 € para o exercicio 2026 e 26.026,29 € e para o exercicio 2027 (equivalente ao 80% do custo total dos investimentos) segundo se especifica no seguinte cadro

ANUALIDADE	CUSTO TOTAL ACTUACIÓNS (IVE INCLUIDO)	SUBVENCIÓN SOLICITADA (80%)	APORTACIÓN MUNICIPAL
------------	---------------------------------------	-----------------------------	----------------------

2026	35.575,97 €	28.460,78 €	7.115,19 €
2027	32.532,86 €	26.026,29 €	6.506,57 €
TOTAL	68.108,83 €	54.487,07 €	13.621,76 €

b) Aprobar a aportación municipal da parte non subvencionada (20% do custo dos investimentos), equivalente a 7.115,19 € para o 2026 e 6.506,57 € para o 2027, con suxeición á existencia de crédito na correspondente partida para o 2027.

c) Os gastos derivados da execución das actuacións obxecto da subvención imputaranse ao programa 4311, do orzamento 2026 con cargo ás seguintes aplicacións, segundo a natureza do gasto:

- Servizo de reparto a domicilio: 4311-22799
- Adquisición de packaging propio do mercado: 4311-22199
- Accións de mentoring: 4311-22799

A execución de gasto no exercicio 2027 quedará condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento 2027.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

MERCADOS

PRP2026/0377

Visto o escrito de Dona Susana Fernandes Jamardo, solicitando autorización para instalar un posto de venda de churros de 3 m., o día 17 de febreiro de 2026, na Avda. da Mariña, martes de entroido.

Vistos os informes da Policía Local e do Xefe de Mercados, acordase acceder ao solicitado ,con carácter de precario, axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá estar en posesión da documentación para o exercicio da actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Dar conta ao Servizo de Mercados e Departamento de Rendas.

CULTURA

PRP2026/0330

A asociación cultural Mesa das Verbas de Vilagarcía de Arousa organiza desde 2021 un certame de creación poética dirixido á poboación escolar, aberto a todos os centros de ensino de Galicia e en especial aos de Vilagarcía e a súa zona de influencia.

A finalidade deste concurso é promover a creatividade en lingua galega e fomentar a poesía entre a mocidade.

A V edición deste premio organizado pola Mesa das Verbas foi dirixido todas as persoas maiores de 15 anos que desexen participar.

Participaron 52 traballos, a partir dos cales o xurado emitiu o seu ditame o 16 de decembro de 2025, co seguinte resultado:

1º Premio: A D. Manuel López Rodríguez, de Noia, polo seu poema titulado: “A ESTANCIA BALEIRA”

2º Premio: A D. Luis González Bravo, de Vilagarcía de Arousa, polo seu poema titulado: “MAR DE

AROUSA”

3º Premio: A D. Xián Lois Alcayde Dans, da Coruña, polo seu poema titulado: “ENTRE AS ONDAS”

Accésti: A D. Adolfo Caamaño Vázquez, de Barro, polo seu poema titulado: "CARTOGRAMA PARA AMERICAR UN NOVO CONTINENTE (VERMELLO E NEGRO SOBRE BRANCO)"

O concurso organizado pola asociación conta coa colaboración da Deputación de Pontevedra, o Centro Comercial Arousa e a mesma concellaría de Cultura do concello de Vilagarcía de Arousa.

A colaboración que se presta a este concurso é a de secretaría técnica do Xurado, confeccionando e coordinando a acta, organización do acto de entrega dos premios o día 20 de febreiro de 2026, ás 20:00 horas no Salón García, a impresión dos diplomas e un agasallo institucional do concello aos gañadores dos premios pola súa participación. O agasallo aos premiados pola asociación nesta V edición do concurso, será unha peza de Sargadelos que reproduce a figura de Rosalía de Castro por cada premiado pola Asociación.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto correspondente ao subministro de catro pezas de Sargadelos de Rosalía de Castro, de conformidade co orzamento presentado por D. Víctor San Martín Pérez, NIF 35485345W (MAVIC REGALOS), por un importe total de 508,00 € (IVE incluído) con cargo á partida 334.22699.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/0364

Na Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar o día 17-11-2025 acórdouse autorizar a Etiqueta Negra Producciones SL o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 31 de xaneiro de 2026, durante todo o día, para a representación do espectáculo NYMERIA, tendo que aboar 728,80€ correspondente as tarifas segundo establecidas no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización ao Auditorio e outra instalacións do Concello, e que a continuación se detalla a táboa inicial prevista na proposta PRP2025/4471

ESPAZO	DIAS/HORAS	PREZO DÍA/HORA	IMPORTE TOTAL
SALÓN DE ACTOS DE AUDITORIO	1 día	264,70€	264,70€
PERSOAL: -RESPONSABLE DE SALA: DE 09:00 a 14:00: 5 h. DE 16:00 a 22:00: 6 H. DE 22:00 a 24:00: 2 H. -OPERARIO (2 OPERARIOS) DE 09:00 a 14:00: 5 h. DE 16:00 a 22:00: 6 H. DE 22:00 a 24:00: 2 H. PERSOAL TAQUILLA: (2 Persoas) DE 17:00 a 21:00: 4 h.	10 H X 10,20 2 h. (de 22.00 a 24:00 h.) incrementase 25%: 12,75 10 H x 2 x 10,20€ 2 h. (de 22.00 a 24:00 h.x 2 ncrementase 25%: 12,75 10,20€ x 4 h	PREZO 102,00€ 25,50€ 204,00€ 51,00€ 81,60€	IMPORTE 127,50€ 255,00€ 81,60€
		TOTAL	728,80€

A venda de entradas foi a través da canle Ataquilla.com, para a sesión prevista esgotáronse, polo que con data 16-01-2026 D. Iago Manuel Regueiro Díaz, en representación de ETIQUETA NEGRA PRODUCCIONES S.L., presenta solicitude na que expón o interese de realizar unha segunda función de Nymeria en horario de 17:30 h.

Autorizado a apertura de venda para a representación da segunda función e necesario ampliar o cobro da tarifa correspondente o servizo de prestación de venda de entradas no despacho da billeteira (2 persoas) en horario de 14:00 a 17:00 h. e que a continuación se detalla:

PERSOAL	HORAS	PREZO HORA	TOTAL
Persoal de taquilla (2 persoas)	14:00 a 17:00 hs.	6 h. (2 persoas)	61,20€

Polo exposto anteriormente, a Xunta de Goberno local acorda aprobar a modificación correspondente as tarifas de uso de instalación debendo ampliar as tarifas correspondente a prestación do servizo de 2 persoas de despacho de billeteira en 3 h. (de 14:00 a 17:00) que

ascende a cantidade de 61,20 € que sumados a proposta inicial da primeira sesión (81,60€) fai un total de 142,80€, e que a continuación se detalla a táboa do total da prestación do servizo unha vez modificado o servizo de persoal de despacho de billeteira:

ESPAZO	DIAS/HORAS	PREZO DÍA/HORA	IMPORTE TOTAL
SALÓN DE ACTOS DE AUDITORIO	1 día	264,70€	264,70€
PERSOAL: -RESPONSABLE DE SALA: DE 09:00 a 14:00: 5 h. DE 16:00 a 22:00: 6 H. DE 22:00 a 24:00: 2 H. -OPERARIO (2 OPERARIOS) DE 09:00 a 14:00: 5 h. DE 16:00 a 22:00: 6 H. DE 22:00 a 24:00: 2 H. PERSOAL TAQUILLA: (2 Persoas) DE 14:00 a 21:00: 7 h.	10 H X 10,20 2 h. (de 22.00 a 24:00 h.) incrementase 25%: 12,75 10 H x 2 x 10,20€ 2 h. (de 22.00 a 24:00 h.) x 2 incrementase 25%: 12,75 10,20€ x 7 h x 2= 14 h.	PREZO 102,00€ 25,50€ 204,00€ 51,00€ 142,80€	IMPORTE 127,50€ 255,00€ 142,80€
		TOTAL	790,00€

Dar conta ao departamento de Rendas.

PRP2026/0365

Vista a solicitude de Asociación Cultural San Pedro dos Duráns, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 338-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de San Pedro en Os Duráns o vindeiro días 28 de xuño de 2026:

- Actuación da Agrupación folklórica Froallo por un importe de 391,00 €.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2026/0366

Vista a solicitude de D. Manuel A. Couceiro Cachaldora, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 338-22609, con motivo da celebración das festas na honra de San Pedro en Fontecarmoa os vindeiros días 27 e 28 de xuño de 2026:

- Actuación do grupo folclórico Mocidade da Torre 83, por un importe de 391,00 €.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2026/0367

O pasado día 29 de Xaneiro e 3 de febreiro de 2026 representouse no Salón de Actos do Auditorio o espectáculo dirixido o alumnado de centros educativos de educación infantil, primaria e secundaria de Vilagarcía para a representación dos espectáculos teatrais UN MILLÓN DE LIKES e LA CELESTINA, en dúas sesións: 09.45 h. e 11:30 h. tendo un prezo de entrada único de 7,00€. A recadación obtida foi para o solicitante.

O trámite para autorización de uso de instalación municipal, neste caso do Salón de Actos do

Auditorio, non se levou á X.G.L. anterior a data da celebración, polo tanto non se valoraron e tramitaron as taxas correspondentes.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, establece as tarifas de uso das distintas instalacións municipais.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o cobro das taxas correspondentes ó uso de instalación municipal, neste caso Salón de Actos do Auditorio, segundo o establecido na Ordenanzas Fiscais III.1 reguladora do prezo público pola prestación de servizos e utilización e outras instalacións do Concello de Vilagarcía de Arousa.

VALORACIÓN DE TASAS 29-01-2026

ESPAZO	DIAS/HORAS	PREZO DÍA/HORA	IMPORTE TOTAL
SALÓN DE ACTOS DE AUDITORIO	1 DÍA	264,70€	264,70€
RESPONSABLE DE SALA	5HS	10,20€	51,00€
OPERARIOS (2)	5HS x 2=10	10,20€	102,00€
TOTAL			417,70€

VALORACIÓN DAS TASAS 03-02-2026

ESPAZO	DIAS/HORAS	PREZO DÍA/HORA	IMPORTE TOTAL
SALÓN DE ACTOS DE AUDITORIO	1 DÍA	264,70€	264,70€
RESPONSABLE DE SALA	5HS	10,20€	51,00€
OPERARIOS (2)	5HS x 2=10	10,20€	102,00€
TOTAL			417,70€

Dar conta ao Departamento de Rendas.

CONTRATACIÓN

PRP2026/0341

A Corporación municipal ten recibido reclamacións da veciñanza debido á excesiva velocidade á que circulan os vehículos por varios dos viais municipais.

Para dar unha solución a esta problemática, decídese levar a cabo unha implantación de redutores de velocidade e pasos de peóns elevados, coa sinalización horizontal e vertical preceptiva, para o que se redacta documento técnico, asinado polo enxeñeiro técnico municipal, por importe de 34.613,78€ (IVE engadido).

O investimento afecta aos seguintes viais municipais: rúa San Martín e Lugar O Piñeiro en Sobrán, rúa Concha, rúa Progreso en A Torre, rúa A Lagoa en Sobrán, rúa Alejandro Cerecedo, rúa Perrón en Rubiáns, rúa Veiga de Aldea en Cea, rúa Duque de Terranova e rúa Manuel Antonio. Nestes viais proxéctase a implantación de redutores de velocidade tipo “lombo de asno” e pasos de peón elevados para favorecer o calmado do tráfico e mellorar a seguridade das persoas viandantes.

O Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 2 de xaneiro de 2026, BOPPO nº 1, publica as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal 2026-2027 (PLAN + PROVINCIA 2026-2027) destinado a colaborar nas obras e servizos de competencia municipal dos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia. Este Plan está conformado por 4 liñas, estando a liña 1 dedicada aos investimentos.

A Resolución Presidencial da Deputación de Pontevedra, do 14 de xaneiro de 2026, relativa á aprobación da cantidade total e que por liña lle corresponde a cada concello, dispón para o concello de Vilagarcía de Arousa as seguintes cantidades:

CONCELLO	TOTAL 2026	LIÑA 1	LIÑA 2	LIÑA 3	LIÑA 4
Vilagarcía de Arousa	1.530.998,84€	1.071.699,19€	127.072,90€	293.951,78€	38.274,97€

Tendo en conta que a disposición xeral quinta das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (PLAN MÁIS PROVINCIA) establece que o traspaso de crédito da liña 4 cara a liña 1 pode producirse en calquera momento e sen límite.

Visto que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión celebrada o 26 de xaneiro de 2026, acordou solicitar á Deputación Provincial de Pontevedra o traspaso de 3.523,88€ da Liña 4 á Liña 1 do importe que lle corresponde ao concello de Vilagarcía de Arousa ao abeiro do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2026-2027; e aprobou as seguintes

solicitudes de subvención con cargo á liña 1 do citado Plan Máis Provincia:

Investimentos liña 1	Importe da solicitude
Humanización e peonalización da rúa Esperanza	416.855,51€
Mellora de accesibilidade en Aquilino Iglesia Alvariño e acondicionamento de aparcadoiro disuasorio	265.386,95 €
Obras de urbanización de terreos a ceder para incorporar a vial público en Fontecarmoa	392.980,61€
IMPORTE TOTAL INVESTIMENTOS CON CARGO A LIÑA 1	1.075.223,07 €

Visto que o saldo na liña 4, tras o citado traspaso, é de 34.751,09€ e que, de conformidade coa memoria valorada redactada polo enxeñeiro técnico municipal, o orzamento do Plan de implantación de redutores de velocidade en viais municipais. Plan 2026, para o cal dende o concello de Vilagarcía de Arousa se quere solicitar financiación con cargo á liña 1 do Plan Máis Provincia 2026-2027, é de 34.613,78€, faise necesario o traspaso desta cantidade da liña 4 á 1.

Liña 4. Total concedido	38.274,97 €
Saldo actual liña 4	34.751,09 €
Traspaso necesario á liña 1	34.613,78 €
Saldo resultante liña 4	137,31 €

A Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar o documento técnico denominado “Plan de implantación de redutores de velocidade en viais municipais. Plan 2026”, redactado polo enxeñeiro técnico municipal, Óscar Álvarez González, cun orzamento de 34.613,78 € (IVE engadido).
- 2.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra o traspaso de 34.613,78 € da Liña 4 á Liña 1 do importe que lle corresponde ao concello de Vilagarcía de Arousa ao abeiro do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2026-2027.
- 3.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo á liña 1 do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2026-2027, a cantidade de 34.613,78 € para financiar o investimento denominado “Plan de implantación de redutores de velocidade en viais municipais. Plan 2026”.

PRP2026/0346

A praia de Preguntoiro atópase no Concello de Vilagarcía de Arousa, á beira do porto de Vilaxoán.

A praia ten os seguintes condicionantes:

- Parte da dársena na que se atopa é Dominio Público Portuario adscrito dependente de Portos de Galicia, aínda que o Concello solicitou a súa reversión a Dominio Público Municipal.
- A praia sufriu diversas actuacións de rexeneración (2015 , 2019), aínda que actualmente non conta con area no seu parte central, deixando á vista pozos de saneamento e tubaxes hormigonadas que estaban enterradas.

Neste contexto o Concello de Vilagarcía pretende contratar os traballos necesarios para coñecer o comportamento morfodinámico da praia e así poder realizar diversas propostas ás Administracións competentes na Zona da Praia do Preguntoiro, para a súa posterior rexeneración en función dos obxectivos perseguidos.

O Servizo ten como obxectivos os seguintes traballos:

- Trabajos de campo: topobatimetría y estudio básico de fondos.
- Estudio del comportamiento histórico de la playa. Análisis de los proyectos y comportamiento tras las regeneraciones.
- Estudio de oleaje: análisis de las bases de datos, propagación del oleaje hasta el área de estudio, reconstrucción de las series de oleaje y flujo medio de energía.
- Estudio morfodinámico de la playa. Análisis de estabilidad.
- Estudio preliminar de alternativas y propuesta de actuación.

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de servizos para “ESTUDIO DE COMPORTAMIENTO MORFODINÁMICO DA PRAIA DE PREGUNTOIRO” á mercantil Aquática Ingeniería Civil, S.L (NIF B36962314), por un importe de 14.900,00 €, ao que lle corresponde un IVE 21% de 3.129,00 €, o que totaliza un importe de adxudicación 18.029,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 1722-22706 do orzamento municipal vixente.

PRP2026/0397

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de maio de 2025, adxudicouse á empresa MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. o contrato de obras denominado “Recuperación da fachada marítima - Vilagarcía de Arousa”, por un importe de 925.653,99€, ao que lle corresponde un IVE (21%) de 194.387,34€, o que totaliza un importe (IVE engadido) de 1.120.041,33€, de conformidade coa súa oferta e as melloras contempladas nela.

O investimento atópase cofinanciada, nun 99,30%, a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) - NextGeneration UE, con cargo ao Plan de Sustentabilidade Turística en Destino “PSTD Concello de Vilagarcía de Arousa”, para o cal o concello de Vilagarcía de Arousa recibiu, mediante Resolución do 14 de setembro de 2022, da Secretaría de Estado de Turismo do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, unha subvención por importe de 2.490.852,00€, para as actuacións nel especificadas, no marco do Plan Nacional de Sustentabilidade Turística en Destinos Xacobeo 2021.

O contrato administrativo asinouse con data 29 de maio de 2025, cun prazo de execución da obra de 8 meses, contado a partir da firma da acta de comprobación de replanteo que foi asinada o 13 de xuño de 2025.

Con data 6 de novembro de 2025 (registro WEB2025009610), dona María do Rocío Diéguez Barreiro, en representación da empresa adxudicataria MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. solicita ampliación do prazo de execución por un mínimo de 38 días laborables, para a obra de referencia.

Mediante Resolución do 14 de setembro de 2025 ampliouse o prazo de execución das actuacións subvencionables con cargo ao PSTD Concello de Vilagarcía de Arousa, ata o 30 de maio de 2026, e o de presentación da xustificación ata o 30 de xuño de 2026; polo que de autorizarse a ampliación do prazo de execución esta non dificultaría o cumprimento dos prazos fixados para a xustificación da subvención.

Tendo en conta o anterior, os documentos obrantes no expediente e o informe favorable do director de obra, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a ampliación do prazo de execución do contrato citado ata o 30 de abril de 2026.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2026/0385

Visto o expediente de gasto INT/2025/764 integrado pola relación de xustificantes F/2025/281 por importe de 30.215,47€.

Visto que as facturas da relación F/2025/281 non tiñan o gasto debidamente comprometido no ano 2025, pero si existía consignación adecuada e suficiente nas aplicacións orzamentarias para a súa tramitación.

A Xunta de Goberno Local, mediante aprobación dun expediente extraxudicial de crédito e previa fiscalización da Intervención municipal, acorda:

O recoñecemento de Obriga, para a relación de facturas Nº F/2025/281 por importe de 30.215,47€ coa seguinte desagregación:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Economica	Tercero	Nombre	Texto Explicativo
F/2025/8626	FE25137024113494	02/11/2025	54,23	920	22100	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADORA GAS&POWER, S.A.	Término fijo 23/08/2025 - 30/09/2025 / Término fijo 01/10/2025 - 23/10/2025 / Consumo gas 23/08/2025 - 30/09/2025 / Cons
F/2025/8627	FE25137024116886	02/11/2025	102,54	920	22100	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADORA GAS&POWER, S.A.	Término fijo 23/08/2025 - 30/09/2025 / Término fijo 01/10/2025 - 22/10/2025 / Consumo gas 23/08/2025 -

								30/09/2025 / Cons
F/ 2025/88 14	PI25142000453317	11/12/20 25	723,06	323	22100	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	TERMO DE POTENCIA P1 (0.986301) / TERMO DE POTENCIA P2 (0.986301) / TERMO DE POTENCIA P3 (0.986301) / TERMO DE POT
F/ 2025/88 15	PI25142000455916	11/12/20 25	100,26	920	22100	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	POTENCIA ACCESO P1 (0.986301) / POTENCIA ACCESO P2 (0.986301) / POTENCIA ACCESO P3 (0.986301) / POTENCIA ACCESO P4
F/ 2025/88 32	PI25142000456967	11/12/20 25	41,78	320	22100	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	POTENCIA ACCESO PUNTA (1.019178) / POTENCIA ACCESO VAL (1.019178) / POTENCIA CARGOS PUNTA (1.019178) / POTENCIA CA
